

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 3º CURSO DA ESO

5 B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS. MÍNIMOS ESIXIBLES.

Obter e utilizar informacións relevantes sobre temas xeográficos de fontes variadas pero simples e progresivamente máis complexas. Relaciona-las informacións, valoralas e combinalas para explicar feitos sociais. Adquirir autonomía para tomar notas, consultar fontes escritas e acceder a bases de datos sinxelas aproveitando as posibilidades das tecnoloxías da información.

Elaborar individualmente ou en grupo traballos sinxelos e exposicións orais sobre temas da área, utilizando o vocabulario pertinente e a corrección formal axeitada.

Manexar, interpretar e elaborar correctamente distintos tipos de mapas, bosquexos, gráficos e táboas estatísticas, utilizándoos como fontes de información e medios de análise e de síntese.

Explica-las interaccións que se producen entre as sociedades e os medios naturais na xénese e organización dos diferentes espazos xeográficos e territorios. Diferencia-los distintos tipos, segundo o grao e a natureza da intervención humana e valora-las súas consecuencias ambientais.

Coñece-los principais tipos de recursos naturais e a súa distribución no mundo. Valora-la súa importancia social e comprende-la necesidade de explotalos racionalmente.

Percibir e describi-los efectos ambientais das actividades humanas, particularmente en Europa e en España. Coñece-las concepcións en defensa do medio ambiente e manifestar interese e respecto por elas.

Caracteriza-las actividades rurais, as industriais e de produción de enerxía e as principais actividades de servicios. Tipos de espazos rurais e a súa distribución. Factores de localización industrial, a diversidade de espazos industriais e a súa distribución. Localiza-los principais eixes de transportes e comunicacións e os fluxos de intercambio. Coñece-los tipos de espazos comerciais e turísticos.

Diferenciar entre o poboamento rural e o urbano e coñece-la importancia relativa de cada un deles en distintas áreas xeográficas, con especial referencia a Europa e España. Coñece-las características do espazo urbano e localiza-las principais áreas urbanas do mundo.

Explica-la estrutura formal e funcional da cidade. Coñecer cómo as cidades articulan o territorio. Valora-las vantaxes e os problemas da vida urbana.

Coñece-los trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan España.

Identificar e explica-la organización político-administrativa do Estado español. Caracterizar e valora-la estrutura autonómica do Estado e a diversidade das Comunidades Autónomas. Analiza-lo grao de articulación interna e os desequilibrios territoriais en España. Coñece-los contrastes entre o litoral e o interior de Galicia.

Identificar e localiza-las áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo. Analiza-los caracteres xeográficos dalgúns Estados representativos.

Coñece-los caracteres xeográficos comúns da Unión Europea e a súa diversidade. Analiza-los efectos da integración de España e de Galicia na Unión Europea.

Explica-la situación de España no mundo.

Identificar e analizar xeograficamente os principais problemas do mundo actual.

Identifica-los países do mundo e as capitais mais relevantes. Identifica-las Autonomías de España, as provincias e as súas capitais.

Coñecer a distribución xeográfica das zonas climáticas do globo e das grandes unidades morfoestructurais do mundo, España e Galicia.

Son contidos mínimos prioritarios para tódalas avaliacións, a representación axeitada no mapa, utilizando tramas e cores, no seu caso, rotulando con claridade e poñendo os nomes das localidades específicas indicadas en cada tema. Utilizarase a transparencia como método de visualización da relación entre a xeografía física e os aspectos xeopolíticos e xeoecónómicos. A utilización do vocabulario específico da asignatura e a utilización de esquemas de estudo e criterios de clasificación.

Os contidos procedimentais necesarios para a comprensión da xeografía especificados mais enriba repasaranse na primeira avaliación despois de establecer o nivel do grupo por medio dunha proba de avaliación inicial

5C. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- ❖ **Avaliación das actitudes e comportamentos: 10%.**
- ❖ **Avaliación dos contidos: 70%.**
- ❖ **Avaliación do caderno, traballos individuais e en grupo: 20%.**

Probas específicas de avaliación:

O obxectivo destas probas é constatar si o alumno aprendeu e é capaz de aplica-los conceptos e ou técnicas concretas de cada tema, bloque temático ou globalidade.

Nestas probas farase referencia ós contidos desenvolvidos nos temas anteriores, relacionados cos novos para evitar romper a unidade das materias e compartimentar a aprendizaxe. **Seguirase un proceso de avaliación continua dos contidos. Nun proceso de *Avaliación sumativa***

Cada avaliación constará de a lo menos de dous controis de seguimento do coñecemento da materia desenvolto durante o periodo da avaliación, e un control final ou exame de avaliación, onde se integrarán todos os contidos dados o longo da avaliación e avaliacións anteriores.

. O alumno poderá recuperar a nota de contidos non aprobados nos controis sucesivos cun 5 no exame de avaliación, sempre que a nota dos controis sexa superior a 3,50. De non ser así terá que acadar unha nota media superior ao 6 para acadar o aprobado nestas probas.

-O alumno que non aprobe a avaliación, unha vez valorados todos os criterios, terá que realizar exercizos de reforzo e recuperación dos contidos non acadados.

Realizaranse as seguintes probas, segundo o aspecto a avaliar:

- I. Probas de aplicación dos coñecementos e habilidades aprendidas.
- II. Interpretación de datos: gráficos, mapas, planos. Avalía a capacidade de aplicación practica dos conceptos adquiridos a novos exemplos.
- III. Exposición de temas. Avalía a capacidade de organización, síntese e expresión oral.
- IV. Probas sobre aprendizaxe de conceptos. Avalía a claridade de ideas, a capacidade de expresión, o coñecemento do vocabulario específico das CCSS.
- V. A elaboración de esquemas.

- VI. Probas obxectivas. Avalía a capacidade de concentración, a súa seguridade e confianza e a claridade e decisión coa que manexan diferentes conceptos e coñecementos.
- VII. Probas de investigación. Traballos individuais ou en grupo. Avalía a búsqueda de información, a capacidade de argumentación, a elaboración de conclusións. Poden ser moi axeitadas para a avaliación de temas transversais actitudinais.

5D. AVALIACIÓN DE PENDENTES DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DE TERCEIRO

Os alumnos que cursen cuarto da ESO coa Xeografía de terceiro pendente serán avaliados da seguinte maneira:

1. Se realizarán actividades de repaso por medio de exercicios e actividades entregados ós alumnos polo profesor do curso no que se encontre, elaboradas polo xefe do departamento e o profesor que impartira clase no curso avaliado.

Estas actividades serán correxidas e avaliadas polos profesores do departamento. Os alumnos poderán preguntar as dudas no departamento ás horas sinaladas para atención dos alumnos nos respectivos horarios dos profesores.

Os alumnos entregarán as actividades de recuperación feitas no día e hora sinalados.

2. Realizaráanse tres probas obxectivas consistentes en resolver cuestións extraídas das actividades realizadas polo alumno. Estas probas realizaráanse en datas que non interfiran coas da avaliación do curso actual.

3. Terase en conta para a calificación de pendentes a evolución do alumno na materia de cuarto curso, tendo en conta sobre todo os contidos procedimentais: representación cartográfica, mapas históricas e xeográficos, liñas de tempo, situación espacial dos acontecementos históricos, relación dos feitos con a actualidade nos comentarios de textos.

4. Actitude na clase hacia a asignatura.

No mes de Maio, faráse unha proba obxectiva a aqueles alumnos que non superen o curso por avaliacións.

Os alumnos que non entreguen as actividaes terán que facer a proba final de Maio de toda a asignatura. Os alumnos que non se presenten ós exames ou non realicen con esforzo e mínimo aproveitamento as probas, deixen en branco as cuestións o só copien os enunciados non poderán obter o título aunque só teñan esta materia suspensa. Considerandose esta actitude como abandono da asignatura.